# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## DEPARTAMENTO DE MÚSICA

### C.P.I. TINO GRANDÍO

**CURSO 2020/21**

ÍNDICE


Introdución e contextualización……………………………………………….…4

1. Contribución da materia ao logro das competencias básicas…….………..…..5

2. Obxectivos xerais da música na ESO……………..………………….………..7

3. Programacións por curso.

3.1. Programación de 2º ESO

Obxectivos xerais do curso…..…………………………………………...…...7

Estándares de aprendizaxe avaliables no curso…………………………………7

Contidos secuenciados e temporalizados…………………………….………8

Mínimos esixibles para unha avaliación positiva…………………………....14

Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave..……14

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación………………….…….20

Concreción de elementos transversais…………………………………….……23

3.2. Programación de 3º ESO

Obxectivos xerais do curso……….………………………...………....25

Estándares de aprendizaxe avaliables no curso………………………..26

Contidos secuenciados e temporalizados…………………………..…..27

Mínimos esixibles para unha avaliación positiva…………………………33

Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave..……33

Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación…………….……….39

Concreción de elementos transversais……………………………………….42

4. Metodoloxía didáctica

4.1. Metodoloxía específica da área……………………….….........44

4.2. Materiais curriculares e outros recursos……………...…..……..46

5. Procedementos de avaliación…………………………………….……………46

6. Criterios e sistemas de cualificación e promoción…………….……………47

7. Programa de recuperación……………………………………….. ………47

8. Medidas de atención á diversidade……………………………….………48

Plan de atención aos alumnos repetidores..........................................50

9. Actividades complementarias e extraescolares……………………...……50

10. Tratamento do fomento da lectura..........................................................50

11. Tratamento do fomento das TIC...............................................................51

12. Mecanismos de revisión e mellora da programación ……………..…….51

13. Observacións á programación…………………………………………...52

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A música é unha das principais manifestacións culturais habidas ó longo dos tempos, a través da cal homes e mulleres expresaron o seu mundo interior, as súas inquedanzas, pensamentos e emocións, dun xeito artístico e excepcional. Así mesmo, é unha arte viva e experiencial, que lle permite a todo o alumnado experimentar coas súas posibilidades instrumentais, vocais e de movemento, a través do coñecemento dos procedementos compositivos constitutivos desta arte. A posibilidade de gravar o son fixo que se modificasen sensiblemente as relacións entre creadores, intérpretes e público; en efecto, os medios de comunicación contribúen á difusión masiva desta arte, ao mesmo tempo que as tecnoloxías da comunicación permiten ampliar considerablemente os referentes musicais da sociedade grazas ás súas achegas a toda a produción musicográfica mundial. Neste senso, a música faise presente en todas os opcións de lecer da mocidade: os concertos en vivo, os CD, reprodutores de música en formato dixital, a televisión, os videoxogos, o cine, a publicidade, a internet, etc.

A materia de música na educación secundaria obrigatoria ten como obxecto guiar e afianzar os coñecementos musicais e a actitude ante a música que o alumnado alcanzou na educación primaria, situándoos nun marco de competencias que lle posibilite gozar da creación e da escoita musical; así mesmo, ten o obxecto de establecer puntos de contacto entre a música de carácter masivo e a gran tradición musical, xa que é un medio habitual de diversión e entretemento entre os mozos e mozas; por isto, cómpre afondar nesta etapa nas raíces culturais da música galega e a europea, recoñecéndoa como parte fundamental do noso patrimonio cultural, xa que, soamente a través do coñecemento profundo da nosa realidade cultural será posible desenvolver un achegamento ás culturas musicais doutros pobos.

Por estes motivos, a educación neste ámbito na etapa secundaria obrigatoria quere ser unha canle que permita por en funcionamento a iniciativa, a sensibilidade e a creatividade do alumnado, estimular a creación dunha conciencia artística propia, ao mesmo tempo que desenvolver actitudes de valoración da liberdade de expresión, ao achegarse ás expresión musicais doutros pobos, o que contribúe ao fomento da sensibilidade e á ampliación do propio horizonte estético. A vía de consecución destes obxectivos é a través da audición, da interpretación e da creación propia e allea.

Alcanzar estes obxectivos esixe do noso alumnado o afianzamento da súa iniciativa propia e do sentido crítico sobre as manifestacións musicais que a sociedade da comunicación pon ao seu alcance. Tomar conciencia do gusto estético propio exixe así mesmo, o desenvolvemento de valores persoais como os da dignidade, a liberdade, a autoestima e a seguridade nun mesmo, entre outros valores, especialmente no desenvolvemento artístico da práctica musical e do movemento en grupo, que require respecto e coordinación cos demais.

Cómpre ter en conta que o alumnado que inicia esta etapa vén de coñecer na educación primaria os fundamentos musicais máis xerais, polo que na nova etapa da súa formación está en condicións de afondar neles a través dunha metodoloxía analítica e propedéutica, que incida nos aspectos vertebradores da materia na educación secundaria obrigatoria e que son:

Bloque 1. A escoita; Bloque 2. A interpretación; Bloque 3. A creación; Bloque 4. Os contextos musicais.

A formación musical do alumnado debe incidir na comprensión e asimilación dos parámetros musicais que articulan estes distintos bloques, desde unha perspectiva cultural, artística e estimuladora da iniciativa persoal.

Así, a escoita engloba a percepción e a introspección analítica desta que completa e dá sentido á percepción formal, tímbrica, rítmica, etc., da música. Nesta etapa, o alumnado está en condicións de desenvolver as capacidades que lle permitan escoitar activamente e comprender globalmente distintas manifestacións musicais, producidas en períodos históricos precedentes, nos momentos actuais e na propia aula de música. A interpretación e creación refírese á capacitación do alumnado para que este sexa quen de desenvolver, ben individualmente, ben coas súas compañeiras e compañeiros accións musicais que impliquen a voz, os instrumentos e o movemento. Mediante o desenvolvemento destas capacidades trátase de facilitar a consecución dun dominio básico de técnicas vinculadas ao canto, a interpretación instrumental, individual e de grupo, e as que conducen ao movemento e á danza. Estes dous bloques están pois, estreitamente ligados á expresión.

O bloque contextos musicais, inclúe contidos relacionados cos referentes culturais das músicas e o seu papel nos distintos contextos sociais e culturais, é dicir, que o bloque se vertebra a partir duns contidos referenciais a través dos cales pivota a historia da música occidental en que se insire a nosa tradición musical.

En cuarto curso, onde a materia é opcional, o primeiro dos bloques é Audición e referentes musicais, que se relaciona directamente co eixo mencionado de escoita. O segundo bloque, Interpretación e creación, enmárcase no ámbito de expresión e recolle todos aqueles contidos vinculados coa interpretación vocal e instrumental, o movemento e a danza, a improvisación, a elaboración de arranxos e a composición, así como a participación en proxectos musicais de diversa índole. O terceiro bloque, que está moi vinculado cos anteriores, é Música e tecnoloxías; como se deriva do seu encabezamento, introduce contidos que permiten coñecer e utilizar ferramentas tecnolóxicas en actividades de audición e produción musical.

Da organización dos contidos en bloques e eixos non se deriva unha priorización na súa secuencia. É dicir, na práctica, o profesorado combinará ambos os aspectos do xeito que lle resulte máis coherente e que fomente a comprensión dos contidos e conceptos musicais por parte do seu alumnado.

## Contribución da materia ao logro das competencias básicas

A materia de música contribúe de forma directa á adquisición da **competencia cultural e artística** en todos os aspectos que a configuran. Fomenta a capacidade de apreciar, comprender e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e musicais, a través de experiencias perceptivas, expresivas e do coñecemento de músicas de diferentes culturas, épocas e estilos. Pode potenciar así, actitudes abertas e respectuosas e ofrecer elementos para a elaboración de xuízos fundamentados respecto das distintas manifestacións musicais, establecendo conexións con outras linguaxes artísticas e cos contextos social e histórico os que se circunscribe cada obra.

Colabora ao desenvolvemento da **competencia de autonomía e iniciativa persoal**, mediante o traballo colaborativo e a habilidade para planificar e xestionar proxectos. A interpretación e a composición son dous claros exemplos de actividades

que requiren dunha planificación previa e de toma de decisións para obter os resultados desexados. Por outra banda, naquelas actividades relacionadas especialmente coa interpretación musical, desenvólvense capacidades e habilidades tales como a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, sendo estes factores clave para a adquisición desta competencia. Non pode esquecerse tampouco que a organización e realización de actividades musicais no centro escolar require a utilización de habilidades sociais para traballar en equipo co fin de levar a cabo un proxecto común: poñerse no lugar doutro, valorar as ideas dos demais, dialogar, negociar e traballar de forma cooperativa e flexible para un ben común.

A música contribúe tamén á **competencia social e cidadá**. A participación en actividades musicais e de movemento de distinta índole, especialmente as relacionadas coa interpretación e creación colectiva que requiren dun traballo cooperativo colabora na adquisición de habilidades para relacionarse cos demais. A participación en experiencias colectivas, musicais e de movemento dá a oportunidade de expresar ideas propias, valorar as dos demais e coordinar as súas propias accións coas doutros integrantes do grupo responsabilizándose na consecución dun resultado.

A toma de contacto cunha ampla variedade de músicas, tanto do pasado como do presente, favorece a comprensión de diferentes culturas e da súa contribución á sociedade en que vivimos, fomentando a valoración das distintas achegas e a percepción da progresiva fusión de estilos e culturas que se está a realizar nesta arte. A reflexión sobre a presenza incesante da música nas nosas vidas, sobre o uso que dela se fai na publicidade e noutros medios como elemento de manipulación emotiva, e sobre o seu papel na economía e na creación de novas profesións, desenvolve a valoración crítica e a comprensión da realidade.

A música tamén contribúe de xeito directo ao desenvolvemento da **competencia no tratamento da información e da competencia dixital**. O uso dos recursos tecnolóxicos no campo da música posibilita o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, os distintos formatos de son e de audio dixital ou as técnicas de tratamento e gravación do son relacionados, entre outros, coa produción de mensaxes musicais, audiovisuais e multimedia. Favorece, así mesmo, o seu aproveitamento como ferramenta para os procesos de autoaprendizaxe e a súa posible integración nas actividades de lecer.

Ademais a obtención de información musical require de destrezas relacionadas co tratamento da información aínda que desde esta materia, merece especial consideración o uso de produtos musicais e a súa relación coa distribución e os dereitos de autor.

A música tamén contribúe ao desenvolvemento da **competencia para aprender a aprender**, potenciando capacidades e destrezas fundamentais para a aprendizaxe guiada e autónoma como a atención, a concentración e a memoria, á vez que desenvolve o sentido da orde e da análise.

Respecto á **competencia en comunicación lingüística**, a música contribúe, do mesmo xeito que outras áreas, a enriquecer os intercambios comunicativos, e á adquisición e uso dun vocabulario musical básico. Tamén colabora coa integración da linguaxe musical e da linguaxe verbal e coa valoración do enriquecemento que a dita interacción xera.

Desde o punto de vista da **competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** a música realiza a súa achega á mellora da calidade do ambiente

identificando e reflexionando sobre o exceso de ruído, a contaminación sonora e o uso indiscriminado da música, co fin de xerar hábitos saudables. Ao mesmo tempo os contidos relacionados co uso terapéutico da música ou co uso correcto da voz e do aparello respiratorio, non só para conseguir resultados musicais óptimos, senón tamén para previr problemas de saúde, inciden no desenvolvemento desta competencia.

A música contribúe á **competencia matemática** poñendo en evidencia a necesidade do manexo de principios matemáticos para a comprensión dos elementos básicos da linguaxe musical: a relación entre as distintas figuras, o compás, o timbre ou as agrupacións dos sons en distintos tipos de escalas. Por outra parte non podemos esquecer a relación que teñen coas matemáticas e a física correntes musicais como a música aleatoria, algorítmica, a estocástica e a fractal.

## 2. OBXECTIVOS XERAIS DA MÚSICA NA ESO

- Utilizar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e dispositivos electrónicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respectando outras formas distintas de expresión.
- Desenvolver e aplicar diversas habilidades e técnicas que posibiliten a creación, a interpretación vocal e a instrumental, o movemento e a danza, tanto de forma individual como en grupo.
- Escoitar unha ampla variedade de obras, de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intercultural e gozo persoal, interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.
- Recoñecer as características de diferentes obras musicais como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural, recoñecendo as súas intencións e funcións e aplicando a terminoloxía apropiada para describilas e valoralas criticamente.
- Utilizar de forma autónoma diversas fontes de información -medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos- para o coñecemento e gozo da música.
- Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a produción musical, valorando a súa contribución ás distintas actividades musicais e a aprendizaxe autónoma da música.
- Participar na organización e realización de actividades musicais desenvolvidas nos diferentes contextos, con respecto e disposición para superar estereotipos e prexuízos, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas contribucións dos demais.
- Comprender e valorar as relacións entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e o significado da música en diferentes producións artísticas e audiovisuais e nos medios de comunicación.
- Elaborar xuízos e criterios persoais, mediante unha análise crítica dos diferentes usos sociais da música, sexa cal sexa a súa orixe, aplicándoos con autonomía e iniciativa a situacións cotiás e valorando a contribución que a música pode facer á vida persoal e a da comunidade.
- Valorar o silencio e o son como fenómenos naturais e como elementos musicais, tomando conciencia da súa función como parte integral do ambiente e utilizando coñecementos da ecoloxía acústica para aproximarse a paisaxes sonoras de diferentes épocas e espazos para combater a polución sonora.

## SEGUNDO CURSO

### Obxectivos xerais do curso

- Comprender os elementos principais da linguaxe musical e facer un uso correcto do vocabulario específico.
- Incentivar a participación de tódolos alumnos na clase a través de diferentes actividaeds musicais.
- Gozar da audición de obras musicais como fonte de pracer persoal desenrolando para eso a percepción auditiva.
- Participar en actividaes musicais tanto dentro da escola coma fóra dela.
- Analizar e valorar o patrimonio artístico e popular de distintas comunidades autónomas.
- Gozar do movemento e da danza como medio de representación de imaxes e de sentimentos.
- Valorar a importancia do silencio como condición previa e indispensable para a expresión muical.
- Valorar a música doutras culturas.

### Estándares de aprendizaxe avaliables no curso

| |
|---|
| Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. |
| Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. |
| Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. |
| Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). |
| Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. |
| Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. |
| Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. |
| Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. |
| Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. |
| Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. |
| Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. |
| Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. |
| Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. |
| Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. |
| Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. |
| Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras. |
| Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu |

| |
|---|
| grupo. |
| Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. |
| Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. |
| Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. |
| Sigue partituras como apoio á audición. |
| Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. |
| Describe os elementos das obras musicais propostas. |
| Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. |
| Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. |
| Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. |
| Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. |
| Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza. |
| Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. |
| Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva. |
| Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego |
| Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. |
| Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos. |
| Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas. |
| Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais |
| Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. |
| Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc. e realiza unha revisión crítica desas producións. |
| Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. |
| Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. |
| Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. |
| Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. |

## Contidos secuenciados e temporalizados

Bloque 1. Escoita.

- Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.
- Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.
- Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.
- Clasificación e discriminación auditiva dos diferentes tipos de voces e instrumentos e das distintas agrupacións vocais e instrumentais.

- Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Interese por coñecer músicas de distintas características e por ampliar as propias preferencias musicais.
- A música en vivo: concertos e outras manifestacións musicais, da propia cultura musical e doutras.
- Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto aos demais durante a escoita.
- Aplicación de estratexias de atención, audición interior, memoria comprensiva e anticipación durante a interpretación e creación musical.
- Valoración da audición como forma de comunicación e como fonte de coñecemento e enriquecemento intercultural.

Bloque 2. Interpretación.

- As características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descubrimento das posibilidades da voz como medio de expresión musical.
- Os instrumentos e o corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.
- Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. A interpretación individual e en grupo.
- Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.
- As grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical.
- Experimentación e práctica das distintas técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento e a interpretación dun repertorio variado de danzas.
- Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.
- Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.
- Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director/a e aos/ás e outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.
- Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a aportación das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
- Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias e respecto ante outras formas de expresión.

Bloque 3. Creación.

- A improvisación, a elaboración de arranxos e a composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e a selección de distintos tipos de organización musical.

- Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das diferentes actividades que se realizan na aula.
- Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.
- Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e interiorización da música.
- Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

Bloque 4. Contextos musicais.

- Recoñecemento e localización nas coordenadas espacio-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical galego, occidental e doutras culturas.
- A pluralidade de estilos na música actual. Características culturais, artísticas e formais.
- A música ao servizo doutras linguaxes; corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.
- Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores e compositoras, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.
- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e a comunicación.
- Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento e gozo da música.
- Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

A secuencia de obxectivos e contidos por unidades didácticas é como segue:

**UNIDADE DIDÁCTICA 1 (1ª avaliación, setembro-outubro)**

**O son. Calidades do son.**

## OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

. Coñecer o son como fenómeno físico.
. Apreciar o son e o silencio como constituíntes do feito musical.
. Tomar conciencia dos problemas creados pola contaminación acústica e as súas consecuencias.

. Experimentar co son, o ruído e o silencio como medios de expresión musical e persoal.
. Utilizar a voz, o corpo, obxectos e instrumentos musicais para investigar as distintas calidades do son e enriquecer as súas posibilidades de expresión.
. Identificar as calidades do son e a súa representación con grafías alternativas.

## CONTIDOS

● O son:

como se produce
como se propaga
como oímos
diferenza entre son e ruído

● O silencio:

o silencio na música
o silencio na sociedade actual: a contaminación acústica

● Calidades do son

● Grafías alternativas:

grafías para a altura
grafías para a duración
grafías para a intensidade
grafías para o timbre

**UNIDADE DIDÁCTICA 2 (1ª avaliación, novembro-decembro)**

**Calidades do son: a altura**

## OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

. Coñecer as formas de representación gráfica convencional para a altura do son.
. Identificar e manexar de forma autónoma nunha partitura os distintos elementos de notación relativos á altura do son para o coñecemento e desfrute da música.
. Ler música no contexto das actividades da aula como apoio ás tarefas de audición, interpretación e creación.
. Valorar a importancia da notación musical como representación do feito sonoro.
. Recoñecer a distribución de tons e semitóns entre as notas da escala e analizar intervalos melódicos sinxelos.
. Apreciar na audición de distintas obras musicais o traballo relativo á altura do son.
. Desenvolver as técnicas de interpretación (vocal, instrumental e de movemento) e expresión musical, tanto individuais como en grupo.

## CONTIDOS

Elementos da linguaxe musical que determinan a altura:

notas
escala
pentagrama
claves
ton e semitón
intervalo
alteracións
notas enarmónicas
escala diatónica

**UNIDADE DIDÁCTICA 3 (2ª avaliación, xaneiro-febreiro)**

**Calidades do son: a duración**

## OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

. Coñecer as formas de representación gráfica convencional para a duración do son.
. Identificar e manexar de forma autónoma nunha partitura os distintos elementos de notación relativos á duración do son para o coñecemento e desfrute da música.
. Ler música no contexto das actividades da aula como apoio ás tarefas de audición, interpretación e creación.
. Valorar a importancia da notación musical como representación do feito sonoro.
. Recoñecer e interpretar esquemas rítmicos sinxelos.
. Apreciar na audición de distintas obras musicais o traballo relativo á duración do son.
. Desenvolver as técnicas de interpretación (vocal, instrumental e de movemento) e expresión musical, tanto individuais como en grupo.

## CONTIDOS

Elementos da linguaxe musical que determinan a duración:
figuras
silencios
compases
signos de prolongación
tempo

**UNIDADE DIDÁCTICA 4 (2ª avaliación, febreiro-marzo)**

**Calidades do son: a intensidade**

## OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

. Coñecer as formas de representación gráfica convencional para a intensidade do son.
. Identificar e manexar de forma autónoma nunha partitura os distintos elementos de notación relativos á dinámica e a expresión musical para o coñecemento e desfrute da música.
. Ler música no contexto das actividades da aula como apoio ás tarefas de audición, interpretación e creación.
. Valorar a importancia da notación musical como representación do feito sonoro.
. Recoñecer e interpretar as diferentes indicacións de intensidade e expresión.
. Apreciar na audición de distintas obras musicais o traballo relativo á dinámica e a expresión musical.
. Desenvolver as técnicas de interpretación (vocal, instrumental e de movemento) e expresión musical, tanto individuais como en grupo.
. Valorar a importancia do silencio como condición previa imprescindible para a percepción e a expresión musical.

## CONTIDOS

Elementos da linguaxe musical que determinan a intensidade:

letras
términos
reguladores

**UNIDADE DIDÁCTICA 5 (3ª avaliación, abril-xuño)**

**Calidades do son: o timbre**

## OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

. Exercitar a correcta emisión da voz e descubrir as súas posibilidades como medio de expresión musical.
. Afianzar as técnicas de interpretación instrumental explorando as posibilidades de diversas fontes sonoras.
. Coñecer a clasificación dos instrumentos e voces, e as súas agrupacións máis habituais.
. Identificar pola súa tesitura os distintos rexistros vocais.

. Identificar pola súa forma e timbre os distintos instrumentos musicais.
. Ler música no contexto das actividades da aula como apoio ás tarefas de audición, interpretación e creación.
. Apreciar na audición de distintas obras musicais o traballo relativo ao timbre.
. Desenvolver as técnicas de interpretación (vocal, instrumental e de movemento) e expresión musical, tanto individuais como en grupo.

## CONTIDOS

● A voz e a súa clasificación:
  emisión da voz
  clasificación da voz
● Agrupacións vocais:
  cantante solista
  pequenas agrupacións
  coros
● Os instrumentos e a súa clasificación:
● Agrupacións instrumentais:
  solistas
  pequenas agrupacións
  agrupacións medianas
  grandes agrupacións
● Notación para o timbre

**Mínimos esixibles para unha avaliación positiva.**

- Comprender os elementos principais da linguaxe musical e facer un uso correcto do vocabulario específico.
- Participar en actividades musicais tanto dentro da escola coma fóra dela.
- Analizar e valorar o patrimonio artístico e popular de distintas comunidades autónomas.
- Valorar a importancia do silencio como condición previa e indispensable para a expresión muical.
- Valorar a música doutras culturas.

**Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave**

**Lenda competencias**

CCL Comunicación lingüística

**CMCCT** Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

**CD** Competencia dixital

**CAA** Competencia aprender a aprender

**CSC** Competencias sociais e cívicas

**CSIEE** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

**CCEC** Conciencia e expresións culturais

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| Bloque 1. Interpretación e creación | | | |
| ▪ Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical<br>▪ Características da voz e da palabra como medios de expresión musical. Habilidades técnicas e interpretativas, exploración e descuberta das posibilidades da voz como medio de expresión musical.<br>▪ Instrumentos e corpo como medios de expresión musical: características xenéricas e formais.<br>▪ Agrupacións vocais e instrumentais na música de diferentes xéneros, estilos e culturas. Interpretación individual e en grupo.<br>▪ Práctica da relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.<br>▪ Fomento da sensibilidade estética, desenvolvida a través da comprensión e a interiorización da música. | ▪ Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais. | ▪ Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada. | ▪ CCEC<br>▪ CCL |
| | | ▪ Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| | | ▪ Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias. | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC |
| ▪ Grafías e outras formas de notación musical, convencionais e propias, empregadas como expresión musical. | ▪ Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | ▪ Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; | ▪ CCEC |

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| | | indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | |
| ▪ Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación.<br>▪ Experimentación e práctica das técnicas do movemento e da danza, expresión dos contidos musicais a través do corpo e do movemento, e a interpretación dun repertorio variado de danzas. | ▪ Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | ▪ Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | ▪ Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| ▪ Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/ás demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto.<br>▪ Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.<br>▪ Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión. | ▪ Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común. | ▪ Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |
| | | ▪ Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | ▪ CCEC |
| | | ▪ Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | ▪ CCEC |
| | | ▪ Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | ▪ CCEC |
| | | ▪ Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | ▪ CAA<br>▪ CCEC |

<table>
<tr><th>Contidos</th><th>Criterios de avaliación</th><th>Estándares de aprendizaxe</th><th>Competencias clave</th></tr>
<tr><td rowspan="2">▪ Improvisación, elaboración de arranxos e composición como recursos para a creación musical en todas as súas vertentes; elaboración de arranxos de cancións e pezas instrumentais, con acompañamentos sinxelos e selección de distintos tipos de organización musical.<br>▪ Composición individual ou en grupo de cancións e pezas instrumentais para distintas agrupacións, a partir da combinación de elementos e recursos presentados no contexto das actividades que se realizan na aula.</td><td rowspan="2">▪ Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</td><td>▪ Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.</td><td>▪ CAA<br>▪ CCEC</td></tr>
<tr><td>▪ Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.</td><td>▪ CSIEE</td></tr>
<tr><td rowspan="3">▪ Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.<br>▪ Sonorización de representacións dramáticas, actividades de expresión corporal, e danza e imaxes fixas e en movemento na realización de producións audiovisuais.</td><td rowspan="3">▪ Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.</td><td>▪ Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.</td><td>▪ CCEC</td></tr>
<tr><td>▪ Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.</td><td>▪ CCEC</td></tr>
<tr><td>▪ Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.</td><td>▪ CSC</td></tr>
</table>

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| | | ▪ Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | ▪ CSC |
| | | ▪ Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | ▪ CSIEE |
| Bloque 2. Escoita | | | |
| ▪ Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada.<br>▪ Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.<br>▪ Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais. | ▪ Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións. | ▪ Diferencia as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces. | ▪ CCEC |
| | | ▪ Diferencia as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais. | ▪ CCEC |
| ▪ Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc. | ▪ Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición. | ▪ Sigue partituras como apoio á audición. | ▪ CCEC |
| ▪ Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita. | ▪ Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións. | ▪ Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | ▪ CSC |

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| ▪ Audición, análise elemental e apreciación crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais. | ▪ Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada en vivo ou gravada. | ▪ Describe os elementos das obras musicais propostas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC |
| | | ▪ Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical. | ▪ CCEC |
| | | ▪ Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade. | ▪ CCL |
| ▪ Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora. | ▪ Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións. | ▪ Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música. | ▪ CSC |
| | | ▪ Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica. | ▪ CSIEE<br>▪ CD |
| Bloque 3. Contextos musicais e culturais | | | |
| ▪ A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.<br>▪ Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais. | ▪ Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas. | ▪ Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza. | ▪ CCEC |
| | | ▪ Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade. | ▪ CCEC |
| ▪ Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións. | ▪ Valorar a asimilación e empregar algúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de | ▪ Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. | ▪ CCL |

| Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
|---|---|---|---|
| | valor ou falar de música. | ▪ Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | ▪ CCL |
| ▪ Recollida de información, valoración e exposición do feito musical ao longo da historia. | ▪ Amosar interese e actitude crítica pola música, os concertos en vivo e as propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores ao longo da historia. | ▪ Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | ▪ CD |
| | | ▪ Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | ▪ CAA |
| Bloque 4. Música e tecnoloxías | | | |
| ▪ Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.<br>▪ Aplicación de diferentes técnicas de gravación para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.<br>▪ Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.<br>▪ Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e na gravación de pezas musicais. | ▪ Utilizar con autonomía os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais. | ▪ Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | ▪ CD<br>▪ CCEC |
| | | ▪ Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | ▪ CSC<br>▪ CSIEE |
| ▪ Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas. | ▪ Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical. | ▪ Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | ▪ CD<br>▪ CAA |

## Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación

| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo consec. | Peso cualific. | Proba escrita | Proba oral | Observación de actitude |
|---|---|---|---|---|---|
| Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | 100% | 30% | | 100% | |
| Recoñece, comprende e analiza tipos de textura. | 50% | 25% | 100% | | |
| Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais. | 50% | 25% | 100% | | |
| Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos | 50% | 20% | | | 100% |
| Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | 20% | 10% | | 100% | |
| Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | 20% | 10% | | 100% | |
| Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | 60% | 30% | | 100% | |
| Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | 60% | 30% | | 100% | |
| Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | 20% | 10% | 70% | 30% | |
| Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | 100% | 30% | | 100% | |
| Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | 60% | 30% | | 100% | |
| Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | 60% | 30% | | 100% | |
| Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as. | 100% | 30% | | | 100% |
| Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e | 50% | 30% | | 100% | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | | | | | |
| Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | 50% | 30% | | 50% | 50% |
| Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas. | 20% | 10% | | | 100% |
| Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros. | 10% | 10% | | | 100% |
| Bloque 2. Escoita | | | | | |
| Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música. | 60% | 60% | 100% | | |
| Le e analiza partituras como apoio á audición. | 50% | 70% | | 100% | |
| Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | 50% | 30% | | 100% | |
| Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas. | 30% | 20% | | | 100% |
| Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas. | 50% | 70% | 100% | | |
| Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes. | 50% | 50% | | 100% | |
| Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical. | 20% | 10% | 100% | | |
| Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | 50% | 50% | 50% | 50% | |
| Bloque 3. Contextos musicais e culturais | | | | | |
| Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas. | 50% | 70% | 100% | | |
| Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen. | 10% | 10% | 50% | 50% | |
| Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia. | 50% | 50% | 100% | | |
| Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición | 20% | 20% | | | 100% |
| Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes. | 60% | 70% | 100% | | |
| Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais. | 60% | 70% | 100% | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade. | 50% | 50% | 100% | | |
| Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. | 50% | 70% | 50% | 50% | |
| Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | 50% | 700% | 50% | 50% | |
| Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | 10% | 10% | 50% | 50% | |
| Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | 20% | 10% | | | 100% |
| Bloque 4. Música e tecnoloxías | | | | | |
| Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | 20% | 10% | | 100% | |
| Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | 50% | 30% | | 100% | |
| Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | 50% | 20% | 100% | | |

## Concreción de elementos transversais

### Lenda transversais

**CL** Comprensión lectora

**EOE** Expresión oral e escrita

**CA** Comunicación audiovisual

**TIC** Tecnoloxías da información e comunicación

**EMP** Emprendemento

**EC** Educación cívica

**PV** Prevención da violencia

| Estándares de aprendizaje | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; notas adicionais, clave de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.). | x | x | | | | | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Recoñece, comprende e analiza tipos de textura. | x | x | | | | | |
| Comprende e identifica os conceptos e os termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais. | x | x | | | | | |
| Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos | | x | | | | | |
| Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz. | | x | | | | | |
| Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación. | | x | | | | | |
| Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel. | x | x | | | | | |
| Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público. | | x | | | | | |
| Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas. | | x | | | | | |
| Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | | | | | | x | x |
| Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel. | x | x | | | | | |
| Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego. | x | x | | | | | |
| Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as. | | | | | | x | x |
| Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo. | x | x | | | | x | |
| Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa. | x | x | | | | x | x |
| Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre elas. | | | | | | x | |
| Investiga de forma creativa acerca das posibilidades sonoras e musicais dos obxectos sonoros. | | | | | x | | |
| Bloque 2. Escoita | | | | | | | |
| Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos, e a súa evolución ao longo da historia da música. | | | | | x | | |
| Le e analiza partituras como apoio á audición. | x | | | | | | |
| Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición. | | | x | | | | |
| Amosa interese por coñecer músicas doutras épocas e culturas, comparando e contrastando as novas músicas coñecidas. | | | | | | x | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas. | X | X | | | | | |
| Describe de xeito pormenorizado os diferentes elementos das obras musicais propostas usando distintas linguaxes. | X | X | | | | | |
| Utiliza recursos con autonomía como apoio ao análise musical. | | X | | | | | |
| Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | | X | | | | | |
| Bloque 3. Contextos musicais e culturais | | | | | | | |
| Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas. | | X | | | | | |
| Recoñece e interpreta manifestacións da danza identificando e explicando con linguaxe técnica adecuada a época histórica á que pertencen. | | | X | | | | |
| Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia. | | X | | | | | |
| Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e satisfacción persoal, elaborando algún proxecto de investigación e exposición | | X | | | X | | |
| Relaciona as cuestións técnicas aprendidas vinculándoas ás épocas da historia da música correspondentes. | X | X | | | | | |
| Distingue e sitúa temporalmente ás épocas da historia da música e as tendencias musicais. | X | X | | | | | |
| Examina e explica con criterio musical a relación entre os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade. | | X | | | | | |
| Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais. | | X | | | | | |
| Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade. | | X | | | | | |
| Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións. | | X | | X | X | | |
| Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias. | | | | | X | | |
| Bloque 4. Música e tecnoloxías | | | | | | | |
| Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical. | | | X | X | | | |
| Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías. | | | X | | | | |
| Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. | | | | X | | | |

# 4. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

## 4.1. Metodoloxía específica da área

Nesta programación proponse una metodoloxía eminentemente activa (aprendizaxe constructivista), orientada á práctica y á expresión, dado o carácter vivencial da nosa materia. Este planteamento ven reforzado polo feito de que no primeiro ciclo da ESO, o desenvolvemento do pensamento formal no é tan avanzado como nos cursos posteriores e, en consecuencia, faise necesario dar una orientación práctica ós contidos. No obstante, a experiencia da música implica tamén o aprendizaxe de conceptos, por iso non se descarta o recurso ó método conductivo-expositivo cando sexa convinte. Empregaremos tanto o método individualizado (con actividades de carácter individual) como o método socializado (con tarefas en grupo).

Recursos metodolóxicos frecuentes serán a lectura e a escritura musical, audición activa e comentario de partituras sobre a audición (as máis representativas e asequibles o alumnado), así como o comentario de textos de carácter musicolóxico, de prensa e de crítica musical con carácter histórico ou actual, aproveitando os acontecementos musicies do entorno. Serán cotiás tamén a improvisación melódica, rítmica e psicomotriz, interpretación vocal e coral, interpretación instrumental e corporal (tanto linguaxe xestual como danza ou simple movemento no espazo), para o cal abordaranse obras dos acervos clásico, tradicional e popular urbano, procurando acudir a un repertorio adecuado á idade e características dos alumnos. Recurrirase igualmente á elaboración e interpretación de mapas conceptuais e murais, investigación de campo e de biblioteca (de carácter musicolóxico, histórico, artístico, sociolóxico...), exposición oral, así como utilización dos medios audiovisuais e tecnolóxicos a noso alcance.

Respecto a expresión vocal e corporal, debemos ter en conta os cambios fisiolóxicos que os discentes están experimentando nesta etapa do seu crecemento (muda da voz, desenvolvemento corporal) e que suscitan actitudes de inhibición e de rechazo á exposición do corpo ante os demais. Por iso, propoñemos actividades nas que as realizacións vocais/corporais son de carácter eminentemente grupal (non individual), co fin de evitar situacións violentas para o alumno.

Como complemento a esta metodoloxía é adecuada a presencia de actividades extraescolares tales como a asistencia a concertos, visitas a museos, cines e teatros (ópera, ballet, danza), traballos en bibliotecas e hemerotecas, paseos pola cidade con fines didácticos, representacións teatrais con música ou participación en agrupacións musicais. Tanto nestas actividades como nas realizadas na aula, é convinte procurar a conexión da nosa materia con outras áreas do currículo, así como coa educación en valores, algo esencial para o desenvolvemento integral dos alumnos como persoas e como membros da sociedade.

Respecto á organización dos espazos, nosa materia será impartida na aula de música, se ben é convinte dispoñer doutros espazos amplos, dado que gran parte das actividades implican movementos corporais e desprazamentos. Así mesmo prevese o uso das novas tecnoloxías (audiovisuais, informática), polo que en ocasións haberá que recurrir á aula onde estas se atopen ubicadas.

Con todo, non hai que esquecer que no primeiro ciclo da ESO potenciase a idea de educación integral, polo que non perseguimos a formación de virtuosos, se non a educación global a través da música.

Respecto as actitudes que debemos potenciar nos discentes, dicir que intentarase favorecer o respecto as manifestacións dos compañeiros, o clima de traballo e cordialidade na aula así como o espírito aberto, crítico e constructivo.

Como dinámica xeral, propoñemos comezar cada unidade con actividades de introdución, para motivar aos alumnos na materia, simultaneándoas (o ben continuando) con actividades de coñecementos previos, para detectar o nivel de desenvolvemento do alumnado e se se manifestan dificultades ó respecto do que se va tratar. Seguidamente abordaranse actividades de desenvolvemento, mediante as que se traballan os contidos previstos para cada unidade didáctica. En xeral, cada unidade didáctica constará de catro ou cinco sesións de cincuenta minutos. A sesión comezará coa participación dos alumnos, xa sexa realizando actividades de coñecementos previos, xa sexa repasando o exposto o día anterior, ou ben dando lugar a posibles preguntas do exposto con anterioridade. Esta primeira parte non debe superar os cinco minutos; cando a ocasión a requira dedicarase un tempo de dez ou quince minutos á exposición dos conceptos, non sendo necesario un tempo maior, xa que estes serán abordados continua e progresivamente mediante o desenvolvemento das actividades. O resto do tempo dedicarase a estas últimas que, a súa finalización, serán avaliadas por o profesor e por os propios alumnos. O final da sesión poden quedar cinco minutos para posibles dúbidas e aclaracións, ou para propoñer unha actividade en casa. A última sesión dedicarase a unha proba escrita e/ou oral. Evidentemente, este modelo é flexible, pois haberá sesións que se terán que dedicar integramente ó desenvolvemento ou continuación dunha actividade, especialmente as dedicadas á práctica vocal e instrumental. Cada certo tempo convén dedicar parte da sesión á práctica da relaxación.

## 4.2. MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS

Para o desenvolvemento da materia contamos cos seguintes recursos materiais para este curso:

- Libro de texto, editorial Editex, para tódolos cursos.
- Caderno de papel pautado, aportado por cada alumno.
- Pizarra.
- Proxector de video.
- Pantalla de pared.
- Ordenador portátil.
- Aula Virtual do centro.

## 5. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación, ou conxunto de procedementos que permiten obter información sobre o desenvolvemento dun proceso, é en educación: "o conxunto de prácticas que serven ao profesorado para determinar o grado de progreso alcanzado respecto ás intencións educativas, para así axustar su intervención pedagóxica ás características e necesidades dos alumnos" (MEC: *Orientacións didácticas*. Secundaria Obrigatoria).

**Avaliación ordinaria**

O proceso avaliador pódese realizar, dentro do currículo, en tres momentos didácticos que configuran os tres tipos básicos de avaliación: inicial, formativa ou procesual e sumativa ou final. Como método para a avaliación dos aprendizaxes levados a cabo polos discentes, propoñemos realizar unha avaliación inicial ao comezo de cada unidade didáctica por medio de actividades de coñecementos previos, as cales nos axudarán a establecer o nivel de desenvolvemento do alumnado acerca dos contidos correspondentes a cada unidade. Faise necesaria igualmente unha avaliación formativa, de carácter continuo, mediante a observación diaria e personalizada do proceso de aprendizaxe de cada alumno durante a realización das actividades propostas. Tal observación pode ser rexistrada en fichas que permitan ser consultadas en todo momento, nas que se anoten os progresos dos discentes, as súas actitudes ante as tarefas propostas e cara aos seus compañeiros, por exemplo, así como as súas posibles dificultades. Finalmente, propoñemos unha avaliación sumativa ao término de cada unidade (ou dúas, como máximo). Por iso temos previsto a realización dunha proba escrita na última sesión de cada unidade, á que engadirase, nalgúns casos, a presentación-exposición de traballos elaborados polos alumnos ou a interpretación vocal/instrumental de obras traballadas na aula, cando proceda.

**Avaliación extraordinaria**

Farase unha proba escrita no mes de setembro, na cal o alumno deberá demostrar que domina os contidos mínimos para unha avaliación positiva.

## 6. CRITERIOS E SISTEMAS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

Faranse tres estimacións do alumnado para obter a nota de cada avaliación:

- **Valoración da actitude** do alumno (participación, responsabilidade, interese, atención en clase, respecto aos demais, rendemento nas actividades propostas...): **20%**. A nota desta parte deberá ser igual ou superior a **5** para aprobar a avaliación.
- **Valoración da práctica**: **40%**. Corresponde á interpretación instrumental, expresión rítmico-corporal, movemento e danza. A nota desta parte deberá ser igual ou superior a **5** para aprobar a avaliación.
- **Valoración das probas escritas**, exames sobre contidos teóricos: **40%**. A nota desta parte (media das notas obtidas nos exames) deberá ser igual ou superior a **5** para aprobar a avaliación.

No caso de que a actitude do alumno sexa tan negativa que interfira no desenvolvemento normal da clase, o profesor poderá baixar a nota obtida polo estudante na parte conceptual (probas escritas ou orais) segundo estime conveniente, é dicir que o comportamento do alumnado terase moi en conta á ora de avalialo globalmente no mes de xuño. Así mesmo, se o comportamento fose excelente ó longo do curso, mostrando

colaboración e interese cara á materia, tal actitude terá unha repercusión positiva na valoración final.

A nota final de cada avaliación, obtida a partir da media aritmética das notas parciais, deberá ser igual o superior a **5** para aprobar.

## 7. PROGRAMA DE RECUPERACIÓN

**Da materia durante o curso:**

- Unha vez finalizado cada trimestre, os alumnos que resultasen avaliados negativamente, terán a oportunidade de recuperar mediante a realización das probas oportunas.
- Os alumnos que non tiveran alcanzados os obxectivos propostos nalgunha das avaliacións poderán recuperar aquela que teñan pendente no mes de xuño mediante as probas correspondentes. Finalmente, se non se superan tales probas, o alumno dispoñerá doutra oportunidade en setembro, pero esta vez deberá examinarse de toda a materia, é dicir, a correspondente ás tres avaliacións.

**Da materia pendente de cursos anteriores**:

Para o caso de aqueles alumnos que teñan pendente a materia de cursos anteriores, estes terán a oportunidade de recuperar mediante a realización de probas. Os criterios de cualificación avaliarán os aspectos relativos aos contidos teóricos e á práctica instrumental. En caso de que o alumno tivera superadas as probas prácticas no curso anterior, so deberá examinarse da parte teórica.

## 8. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Alumnos con necesidades educativas especiais na aula de música

Entre os posibles casos cos que nos podemos enfrontar na nosa aula están as deficiencias na lateralidade, a psicomotricidade, na correcta respiración, defectos de fonación como as disartrias (problemas de pronunciación das consoantes) e as disfemias (tartamudez, tartajofemias). O caso máis problemático sería un alumno con deficiencias auditivas. Ainda no caso máis extremo, o Área de Música ten moito que aportar; non hai que esquecer que o alumno hipoacúsico posúe un oído interior e é capaz de percibir as vibracións (as de as seus propias cordas vocais, as dos instrumentos, etc.). Pode, así mesmo, traballar diversos aspectos do ritmo a través das súas implicacións corporais. Dende o traballo cos instrumentos de membrana, para percibir a vibración nas mans, ata xogar cos códigos sígnicos e os musicogramas trasladados á expresión corporal, son as opcións diversas que se poden emprear.

En canto á ferramentas concretas de atención a diversidade estarían:

- As fichas de seguimento de cada alumno, con información sobre o seu progreso, rendemento, así como a observación da súa situación persoal e as posibles medidas de diversificación curricular.
- A diversificación curricular, a partir dun currículo flexible. A diversificación comprende calquera modificación do currículo ou os criterios de avaliación, para adaptarse ao seu caso concreto, xa sexa de integración, de compensatoria, por unha superdotación intelectual ou por non chegar aos mínimos requeridos. Unha forma de diversificación é a adaptación curricular. As adaptacións poden ser *significativas* ou *non significativas*. Estas últimas son as que poden levarse a cabo no nivel de esixencia á ora de realizar as actividades e avalialas; dentro delas estarían as actividades de reforzo e as actividades de ampliación que debe incluír toda unidade didáctica. As adaptacións significativas requiren unha maior planificación individualizada; para elas é moi útil o traballo con fichas personalizadas que conteñan actividades concretas a realizar polo alumno. Tanto para unhas como para outras, seguiranse as directrices do Departamento de Orientación.
- Os exames adaptados as características do alumnado con necesidades especiais, dado que en ocasións é necesario proporcionarlle un formato diferente ao do resto do grupo.

Para a detección das diverxencias é conveniente realizar unha avaliación inicial ó comezo de cada unidade (como xa suxerimos ó falar da metodoloxía) e a observación diaria e individualizada dos alumnos.

Ao longo desta programación abórdanse as necesidades educativas específicas fundamentalmente mediante axustes nas actividades propostas. Isto significa que as unidades didácticas propostas inclúen:

a) **Actividades de reforzo**: mediante as cales tratamos de que os alumnos con dificultades alcancen os obxectivos esenciais pretendidos en cada unidade. Con frecuencia son tarefas similares ás que realizan os demais compañeiros, pero o grado de esixencia nelas é menor. Nalgúns casos levaranse a cabo simultaneamente con eles; noutros, supoñerán actividades diferentes, nas que se volva a incidir nas tarefas xa realizadas anteriormente, para afianzar os aprendizaxes, ou ben realizaranse exercicios novos.

b) **Actividades de ampliación**: para satisfacer as inquietudes dos alumnos que alcanzan os obxectivos sen dificultade e son capaces de abordar propostas máis complexas. Supoñen ir máis allá dos obxectivos establecidos para o grupo de alumnos.

Con ambos tipos de actividades preténdese adaptar o grado de complexidade das tarefas e o que estas requiren ás posibilidades dos alumnos, procurando sempre que non sexan nin demasiado difíciles (e, polo tanto, frustrante) nin demasiado fáciles (e, en consecuencia, desmotivadoras), o cal sería desfavorable para a súa aprendizaxe.

Para posibilitar a atención á diversidade propoñemos agrupamentos flexibles, en virtude das necesidades de cada momento. E dicir, grupos de traballo homoxéneos ou heteroxéneos, segundo as actividades, así como grupos de reforzo cando se manifesten dificultades. Esta medida nos permitirá situar os alumnos en diferentes tarefas cando sexa necesario, adaptando o seu nivel e o ritmo de traballo ás aptitudes e ás características dos discentes. Tratase dun ensino individualizado, na medida do posible, mediante a combinación da comprensividade e da diversidade. Será necesario motivar o alumnado no seu traballo, sen que este se sinta marxinado ou catalogado como alguén especial ou diferente, o cal pode ser embarazoso para el. Por iso é preciso conducirse con tacto e prudencia.

**Plan de atención aos alumnos repetidores.**

Para os alumnos que repiten o curso contémplanse dúas posibilidades:

a) Para aqueles que teñan superado a asignatura do ano anterior, é dicir, que non a teñen pendente, non se prevé ningunha medida especial, xa que non necesitan reforzo. Non obstante, realizaranse novas actividades para non repetir as mesmas do ano pasado e, dese modo, evitar a pérdida de motivación pola súa parte.

b) Para aqueles que repiten o curso tendo a asignatura suspensa do ano anterior, ó principio de cada unidade faranse actividades que nos permitan detectar as necesidades dos estudantes, de modo que podamos abordar os contidos que lles resultan difíciles de asimilar. Traballarase tamén con materiais individuais, preparados para cada un segundo as súas necesidades. Estes poden ser similares a aqueles cos que traballan os alumnos con reforzo, segundo a circunstancia.

## 9. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Ao longo do curso o departamento considerará a posibilidade de realizar actividades complementarias, que impliquen a intervención das áreas de Educación Física e Música, coa colaboración de ambos docentes. Tal é o caso da preparación de coreografías, bailes ou danzas sinxelos, nos que se traballan aspectos comúns de ambas áreas, tales como a motricidade, a sensación rítmica, a coordinación de movementos, o sentido do espazo e do tempo...

Así mesmo é posible desenvolver actividades en colaboración con áreas comprendidas noutros departamentos, tales como Educación Plástica, Lingua Castelá, Linguas Estranxeiras ou Xeografía e Historia. Tal colaboración pode darse, por exemplo, na realización de murais ou traballos onde se aborden aspectos vinculados á historia da música (o cal implica tamén una mirada cara aos contextos social e artístico da época en cuestión).

Por outra parte sería desexable realizar actividades extraescolares fora do centro educativo, co fin de que os alumnos teñan a posibilidade de acercarse a escenarios que, en xeral, son pouco frecuentados polos nosos estudantes de secundaria. Nos referimos a

representacións de teatro musical (ópera, zarzuela, comedia musical) e concertos de música clásica ofrecidos en cidades próximas ao noso instituto, tales como Lugo o Santiago de Compostela. Tamén cabe a posibilidade de contratar grupos de músicos que veñen realizando xiras por diversos puntos do país, ofertando concertos ou actividades musicais educativas nos propios centros escolares.

## 10. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

A lectura, a escritura e a adquisición das competencias básicas estará, como é lóxico, presente en todas e cada unha das actividades da educación musical e en todos os obxectivos programados.

Dende a área de educación musical desenvolveranse actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, aproveitando as cantigas e letras de rimas, retahílas,etc., traballando o ritmo, a respiración, o silencio…

Tentarase sacar o maior aproveitamento da biblioteca do centro na busca de materiais e información, referente á nosa materia.

A lectura comprensiva esixe un traballo progresivo e continuado, intentaráse traballar con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico. Os textos musicais son especialmente beneficiosos para traballar os ritmos, a respiración, a entoación, a boa pronunciación e articulación dos sons… Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión.

## 11. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

A utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical é contemplada na nosa materia, á cal acudiremos cando sexa oportuno dentro da programación.

## 12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN, MODIFICACIÓN E MELLORA DA PROGRAMACIÓN

Os procedementos esenciais para saber se a nosa programación é adecuada e segue as pautas convenientes para os alumnos é fundamentalmente a observación dos progresos dos estudantes, a revisión periódica da secuenciación e da temporalización dos contidos previstos para cada unidade didáctica, procurando adaptala o mellor posible ás características do alumnado.

## 13. OBSERVACIÓNS Á PROGRAMACIÓN

Dada a necesidade de adoptar medidas sanitarias durante a pandemia de Covid-19, vémonos na obriga de introducir as seguintes modificacións na programación de música:

- A práctica musical redúcese á interpretación vocal e á percusión corporal o sobre a mesa da aula, dada a imposibilidade de interpretar partituras empregando os instrumentos habituais (frauta e instrumental Orff). Igualmente se eliminan as danzas e tódolos desprazamentos no espazo.

- Para evitar a manipulación innecesaria de papel, procuraremos recorrer á proxección de imaxes na pantalla, onde o alumnado visualizará as partituras que intentaremos interpretar.

- Se o ensino presencial continúa con normalidade, a programación dos contidos permanece como ata agora, variando unicamente o tipo de actividades prácticas propostas, que a partir de agora terán un carácter eminentemente rítmico.

- En caso de que volvamos a un confinamento, e para facilitar o acceso aos materiais da materia, iremos subindo progresivamente os contidos teóricos, enlaces e toda a información que consideremos oportuna ao espazo correspondente a cada curso na aula virtual do centro. Desta forma os alumnos poderán acceder aos contidos dende casa.

- Se o ensino presencial fora interrompido de novo por razóns sanitarias, os estándares de aprendizaxe e as competencias imprescindibles serían todos aqueles cuxo grao mínimo de consecución é igual ou superior ao 70%. En esencia serían os seguintes:

**2º ESO**

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, aplicándoos a través da lectura ou a interpretación de pequenas obras musicais. | Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos ou opinións musicais de forma escrita, con rigor e claridade. |
| Distingue e utiliza os elementos da representación gráfica da música. | Emprega un vocabulario adecuado para describir coñecementos musicais. |
| Utiliza diversas fontes de información de xeito apropiado para realizar as tarefas que se lle asignan. | Comunica coñecementos ou opinións musicais de xeito escrito con rigor e claridade. |
| Coñece e describe a voz e os instrumentos máis relevantes. | Utiliza de xeito adecuado as fontes para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. |

**3º ESO**

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe |
|---|---|
| Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, aplicándoos a través da lectura e a interpretación de pequenas obras musicais. | Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos ou opinións musicais de forma escrita con rigor e claridade. |
| Distingue e utiliza os elementos da representación gráfica da música. | Emprega un vocabulario adecuado para describir coñecementos ou percepcións musicais de forma escrita. |
| Utiliza diversas fontes de información de xeito adecuado para realizar as tarefas que se lle asignan. | Comunica coñecementos ou opinións musicais de xeito escrito con rigor e claridade. |
| Realiza exercicios que reflicten a relación da música con outras disciplinas. | Utiliza con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical. |
| Distingue, sitúa e caracteriza as grandes épocas da historia da música. | Expresa contidos musicais e relaciónaos con épocas da historia da música e con outras disciplinas. |
| Relaciona as aspectos técnicos aprendidos coas características das épocas da historia musical. | Distingue e explica as diversas funcións que cumpre a música na sociedade ao longo da historia. |
| Utiliza de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical. | Recoñece e sabe situar no espazo e no tempo músicas de diferentes culturas e épocas históricas. |

**Instrumentos de avaliación**: traballos escritos para a obtención dunha avaliación cuantitativa das aprendizaxes do alumnado. A vía de comunicación será a aula virtual do centro, onde a profesora subirá as tarefas que o alumnado deberá presentar.

**Procedementos de avaliación**: valoración das distintas tarefas, probas e traballos realizados polo alumnado, a través dos medios telemáticos.

Os **criterios de cualificación** estarán baseados nas aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificadas e centrados na valoración dos traballos aportados polo alumnado.

Guntín, 13 de outubro de 2020.

Ado. Mª Aurelia Díez Huerga.

Xefa do Departamento.